

FAQ



A. INTRODUCCIÓN

Que é ME.I.GA?

ME.I.GA, Medicina Intercambios Galicia, é o comité local (CL) da Federación Española de Estudiantes de Medicina para la Cooperación Internacional (IFMSA-Spain), que á súa vez é parte dunha asociación moito máis grande: IFMSA (International Federation of Medical Students Associations). Pero, sobre todo, ME.I.GA é unha grande familia de alumnos que traballan por mellorar o entorno no que viven (e marchar de intercambio).

Que significa ser socio de MEIGA? Vaime facer “perder” moito tempo?

Ser socio de MEIGA permíteche participar e promover actividades coa axuda da asociación, gañar puntos para irte de intercambio e implicarte nas nosas reunións se queres. Ademais, é gratis!

Sobre o tempo, farache perder só o que ti decidas. Non tes que cumprir horarios nin tes a obriga de participar nun mínimo de actividades. Podes implicarte o que ti consideres oportuno: nunca esquezas a túa formación!

Cando escribrín a solicitude dixen que quería estar en LORP, iso significa que non podo facer outro tipo de proxectos?

Claro que podes participar no que queiras! A solicitude é só para saber en que grupos de traballo estás interesad@, pero podes participar nos proxectos que máis che gusten, así como propoñer ideas para os outros grupos.

Que é a Xunta Directiva? Podo participar nela?

A Xunta Directiva (XD) é o órgano que xestiona a organización durante o período interasemblea. É a encargada de desenvolver actividades e proxectos seguindo os fins da asociación.

A XD está formada por un presidente, un vicepresidente, un tesoureiro e un secretario, ademais dun responsable por cada Comité Permanente (LORSA, LOME, LORP, LPO) e Intercambios.

A XD réunese todas as semanas, e calquera socio pode achegarse para dar a súa opinión sobre proxectos, actividades ou decisións que se fan respecto da asociación.

Para ter un cargo na XD hai que mandar unha candidatura no respectivo prazo que será votada na Asemblea Xeral que realizáse en Abril.

Máis info: <http://meigauscsantiago.wix.com/meiga#!co--cenos-lydz44>

B. PUNTOS

Máis info: <http://meigauscsantiago.wix.com/meiga#!queres-ga-ar-puntos-/o85h2>

Como podo conseguir puntos?

- Participando na organización das actividades de ME.I.GA: cada vez que colabores na realización dunha actividade recibirás puntos. OLLO, participar nas actividades (por exemplo, ir aos cursos de Educación Médica) non che dará puntos se non axudaches a organizala!
- Colaborando nas actividades de TBH e MERSH, así como no Día Mundial da Saúde (DMS).
- Sendo persoa de contacto (CP) o aloxando a un estudante a través de MEIGA Host.
- Formando parte da Xunta Directiva.
- Facendo o exame de inglés que organiza MEIGA.
- Nota de expediente e créditos cursados.

Como podo consultar os meus puntos?

Estamos traballando nun espazo na nosa páxina web, a través do cal poidas mirar os teus puntos. De momento, podes escribir ao noso presidente: meigausc.president@gmail.com, cos teus datos [nome, DNI], e, de axuda, as actividades que xa fixeches con ME.I.GA.

C. INTERCAMBIOS

Se queres contactar cos Coordinadores de Intercambios podes facelo a través de meigausc.exchangescoordinator@gmail.com.

Como funcionan os intercambios?

Temos dous tipos de intercambios: nacionais e internacionais. Dentro deles existen dúas opcións: clínicos e de investigación.

Podes participar nos intercambios clínicos a partir do 4º curso, e nos de investigación a partir de 2º (por convenios coa USC, os alumnos de 1º non poden facer intercambio).

O sistema para elixir praza de intercambio vai por puntos: cantos máis puntos teñas, máis arriba estarás na lista e antes poderás elixir o teu destino.

Ao marchar de intercambio, o CL que che acolle garantirache a estancia alí (hostal, residencia ou piso onde durmir) e a comida (en forma de tickets ou pocket money). Alá onde vaías, estarás de prácticas e participarás do seu plan social (se queres).

Os intercambios nacionais teñen un prezo de 230€ (180 + 50 de fianza) e os nacionais de 180€ (130 + 50 de fianza).

Para máis informacións, consulta a nosa páxina “Intercambios de A a Z” aquí: <http://meigauscsantiago.wix.com/meiga#!intercambios-do-a-ao-z/imbxe>

Que significa ser persoa de contacto (CP)?

Por cada mes que sexas persoa de contacto, podes gañar un máximo de 15 puntos. Nos 15 puntos inclúese, recoller 3 intercambios ao aeroporto/estación de tren, levalo á residencia e acompañalo o día seguinte ao hospital xunto ao titor e participar activamente no plan social.

Máis info: <http://meigauscsantiago.wix.com/meiga#!quieres-ser-persoa-de-contacto-/ubntf>

Que é o “MEIGA Host”?

O programa MEIGA Host consiste en acoller a un estudante de intercambio nunha habitación que teñas dispoñible durante 1 mes.

Podes recibir 150 euros por mes ou 30 puntos de colaboración MEIGA.

Máis info:

<http://meigauscsantiago.wix.com/meiga#!aloxa-a-un-estudiante-de-intercambio-/iy4t6>

D. GRUPOS DE TRABAJO

Que significa LORSA e SCORSA?

LORSA é o Encargado Local de Saúde Reprodutiva, Sexualidade e SIDA (Local Officer on Reproductive health, Sexuality and AIDS polas súas siglas en inglés) e SCORSA é o Comité Permanente de Saúde Reprodutiva, Sexualidade e SIDA.

Este grupo de traballo é o responsable de levar a cabo actividades relacionadas coas áreas da sexualidade e a saúde reprodutiva.

Se queres contactar cos LORSA's podes facelo a través de meigausc.lorsa@gmail.com.

Para saber máis consulta:

<http://meigauscsantiago.wix.com/meiga#!sa-de-reprodutiva--sexualidade-e-sida/xg7r6>

Que significa LOME e SCOME?

LOME é o Encargado Local de Educación Médica e SCOME é o Comité Permanente de Educación Médica.

Este grupo de traballo é o responsable de proporcionar actividades e cursos que complementen a educación médica do estudante de medicina.

Se queres contactar cos LOME's podes facelo a través de cursosmeiga@gmail.com.

Para saber máis consulta: <http://meigauscsantiago.wix.com/meiga#!educaci-n-m-dica/izjy6>

Que significa LPO e SCOPH?

LPO é o Encargado Local de Saúde Pública, e SCOPH é o Comité Permanente de Saúde Pública.

Este grupo de traballo é o responsable da promoción da saúde e prevención da enfermidade, con actividades que intentan concienciar á poboación sobre hábitos de vida saudable.

Se queres contactar cos LPO's podes facelo a través de meigausc.lpo@gmail.com.

Para saber máis consulta: <http://meigauscsantiago.wix.com/meiga#!sa-de-p-blica/c1lug>

Que significa LORP e SCORP?

LORP é o Encargado Local de Dereitos Humanos e Paz e, e SCORP é o Comité Permanente de Dereitos Humanos e Paz.

Este grupo de traballo é o responsable de organizar actividades que contribúan a concienciar a poboación estudantil e xeral sobre temas relacionados cos Dereitos Humanos, Paz e Refugiados.

Se queres contactar cos LORP's podes facelo a través de meigausc.lorp@gmail.com.

Para saber máis consulta:

<http://meigauscsantiago.wix.com/meiga#!dereitos-humanos-e-paz/cpcjv>